



Por resolución reitoral do pasado día 9 de setembro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á prazas número 15/3004 e 15/3025 convocadas a concurso de méritos por resolución reitoral do 21 de xullo de 2015.

Na dita resolución do 9 de setembro, facíase pública igualmente a composición das comisións de selección encargadas de xulgar os concursos para a provisión destas prazas (anexo II). Entre os membros de ambas comisións designábase ao profesor D. Moisés Canle López, no cargo de presidente das mesmas dada a súa condición de Decano da Facultade de Ciencias.

O día 16 de setembro o profesor Canle López remitiu un escrito á vicerreitoría de profesorado e planificación docente manifestando a súa dificultade para presidir as comisións das prazas antes citadas, motivada pola súa participación ao mesmo tempo, igualmente como presidente, noutras comisións de selección correspondentes a outras convocatorias de prazas, todas elas con prazos limitados para a súa constitución e de previsible desenvolvemento longo dadas as súas características, e polo que ao amparo da normativa reguladora destas convocatorias solicita a súa substitución por dous vicedecanos da mesma Facultade de Ciencias.

Efectivamente o apartado 6.4 da normativa da UDC reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo consello de Goberno, na súa reunión do 30 de abril de 2014, contempla a posibilidade de substitución dun membro da comisión cando concorra causa xustificada.

Polo sinalado, considerando que as motivacións argumentadas polo Decano da Facultade de Ciencias xustifican a súa substitución como presidente das comisións de selección das prazas número 15/3004 e 15/3025, **resolvo** nomear ao profesor **D. Andrés Martínez Lage**, vicedecano de Organización Académica da Facultade de Ciencias, como **presidente da Comisión de selección da praza número 15/3004**, e ao profesor **D. Federico Pomar Barbeito**, vicedecano de Infraestruturas da Facultade de Ciencias, como **presidente da Comisión de selección da praza número 15/3025**, en substitución do Decano, o profesor D. Moisés Canle López.

A Coruña, 17 de setembro de 2015

Xosé Luís Armesto Barbeito